

TRABALLAR POR PROXECTOS EN EDUCACIÓN INFANTIL

INTRODUCCIÓN

Durante este curso, no ciclo de E. Infantil imos traballar por proxectos. Durante este curso imos desenvolver os proxectos: “Viaje al Polo Norte” e “Los Piratas”. Todo proxecto, sexa do tipo que sexa, implica tres elementos: **unha proposta de facer ou coñecer algo, uns medios para levalo a cabo e un produto ou realización que pode avaliar e mellorar.** É polo tanto un proceso, válido para calquera momento, idade e situación vital. Ao longo da vida, cando nos propoñemos ou buscamos algo, seguimos este itinerario: planificar, realizar e avaliar. Iniciarse en idades temperás -educación infantil- neste proceso paréceme importante xa que é una forma de aprender a vivir, de aprender a ser, a buscar metas, a poñer os medios para conseguilas e a autoavaliarse. Por iso vou facer aquí unha defensa de por que cómpre incluír na práctica de aprendizaxe e ensino un enfoque metodolóxico por proxectos.

En canto aos obxectivos xerais:

Os saberes, os coñecementos, non teñen unha soa cara. O seu carácter poliédrico ofrécenos varios enfoques, permite miralo dende distintos puntos de vista. A través dun traballo por proxectos pode acadarse.

- A participación conxunta de varias materias ou áreas dos distintos currículos no proceso de coñecer e interiorizar as aprendizaxes permite reforzar o logro dos obxectivos previstos en cada unha delas.
- O enfoque competencial, presente nos novos currículos, precisa un traballo dende os distintos ámbitos dos coñecementos; implica necesariamente relacións integradas, globalizadas, interdisciplinarias.
- Permite un tratamento da información que leve á súa transformación en coñecemento, a través da potenciación de habilidades para buscar, analizar, comparar ou seleccionar e aplicar as informacións obtidas a través de fontes e soportes variados
- Os proxectos globalizados ou interdisciplinarios requiren dun proceso que ten validez para desenvolverse en calquera momento, idade, etapa ou temática, están fundamentados na busca, análise, contraste e interpretación da información e en facilitar no alumnado unha aprendizaxe sustentada na comprensión e na construción de significados.

En canto ao alumnado:

- Incide na mellora da súa aprendizaxe: partindo dos coñecementos que tiña, formais ou non, vai construíndo as súas ideas, ampliando os saberes, as aprendizaxes, camiñando pouco a pouco cara ao coñecemento —científico, reconducindo, transformando, se é preciso, o interiorizado previamente, dándolle rigor, sabendo non só o que, tamén os porqués, os para que, os como e as consecuencias.
- A través do traballo por proxectos o alumnado forma parte activa do proceso. É partícipe do que está aprendendo. É protagonista, non só espectador. De ser pasivo transfórmase en axente activo do coñecemento. Valora o que xa sabe e recoñece o que lle falta por aprender. Planifica o traballo, indaga, relaciona, analiza e comproba. Con todo o anterior, a motivación intrínseca aumenta.
- Permite desenvolver capacidades diferentes: todo o alumnado fai o proxecto, pero non todo o alumnado fai todo, cadaquén aprende de todas e todos pero achega unha parte, máis ou menos grande, máis ou menos satisfactoria. Unha vez determinadas as achegas, todas as persoas son responsables do seu e da súa contribución ao resultado colectivo final, polo tanto, ten en conta a diversidade.
- Desenvolve o espírito colaborativo, aprende a respectar e benefíciase das achegas das outras persoas, pode ver os distintos aspectos que constitúen o coñecemento obxecto de traballo, pode achegar iniciativas propias, aprende a aprender, desenvolve a súa autonomía.
- Dende o punto de vista do aprendido é menos parcial, comproba a relación entre as distintas aprendizaxes, non parcela por disciplinas, relaciónas e comproba como interactúan entre elas.

En canto ao profesorado:

- Permítelle fuxir da transmisión de coñecementos pechados ao potenciar a integración dos coñecementos aprendidos en contextos non formais nese proceso de aprendizaxe e de ensinanza, avanzar eliminando aprendizaxes segregadas. Todo isto queda reforzado con este enfoque porque os proxectos son integradores. Non só permiten traballar o currículo establecido para cada área ou materia, senón que reforzan a súa aprendizaxe, facilitan a interiorización e enriquecen e enriquecéndose coas achegas doutras materias ou áreas.
- É un medio para saír do illamento dunha materia. Compártese o obxectivo da ensinanza. Fomenta o traballo cooperativo entre o grupo de profesoras e profesores. Reforza a aprendizaxe nunha materia coas achegas a través doutras. Permítelle aplicar instrumentos dunha disciplina a outras.
- Favorece que poida deixar de ser un simple transmisor de coñecementos.
- Propicia crear contornos de aprendizaxe que potencien a implicación do alumnado e, noutros casos, do resto das persoas da comunidade educativa.
- Reforza o seu papel mediador entre o aprendido dentro e fóra da aula.
- Utiliza e promove a utilización de distintas fontes de información: anima ao debate, forma parte dunha clase activa. Establece un espírito crítico nas aulas.
- É máis motivador polos ingredientes de actuar, compartir, variar, achegar segundo as fortalezas de cadaquén, permitir conectar con cada persoa, co que favorece dinámicas de aula máis ecolóxicas e gratificantes.
- Permite coñecer mellor a cada unha das nosas alumnas e dos nosos alumnos e, polo tanto, tratar mellor a diversidade.

En canto aos centros educativos:

- O traballo por proxectos é un axente dinamizador, xerador de actuacións creativas, innovadoras.
- Permite a atención á diversidade do profesorado e do alumnado, aproveitando as potencialidades de cada persoa, tendo en conta os distintos ritmos e estilos de actuar e aprender de cada unha delas.
- Introduce o traballo cooperativo en lugar da convivencia de individualidades.
- Favorece o esforzo compartido, o apoio para o logro dos obxectivos decididos no proxecto do centro.


Fomenta, en definitiva, construír ou camiñar cara a **un proxecto de centro**.

ALGUNHAS CLAVES IMPORTANTES

O traballo por proxectos implica:

1. **Unha concepción do neno e da nena** como crítico/a, reflexivo/a, pensante, capaz de crear hipóteses,...
2. **Unha concepción da educación que non busca só que o alumno/a** adquira mecanicamente uns contidos, senón axudarlle a organizar o pensamento, a relacionar. É dicir, **ENSEÑAR a PENSAR**.
3. **Unha concepción da alfabetización onde o** traballo non radica só en recoñecer signos gráficos (alfabeto) senón que o obxecto de traballo son as **PRÁCTICAS SOCIAIS** de lectura e escritura, que se desenvolven na vida cotiá.
4. **Un cambio de actitude por parte do educador/a**. O seu labor principal non é transmitir coñecementos senón encauzar, orientar, guiar, provocar confeitos... que posibiliten a construción da aprendizaxe. O/a mestre/a proporciona información e estimula para que o neno e a nena definan e constrúan o seu propio saber.
5. **Unha aprendizaxe colaborativa e cooperativa**. O traballo por proxectos propicia as interaccións entre os alumnos e alumnas. Cando traballamos nun proxecto, a información que eu apporto se enriquece continuamente co que os demais aportan, incluso ás veces contradíse, dando lugar ao diálogo e a verificar, comprobar... é un diálogo continuo e unha aprendizaxe que se vai construindo co saber , sentir e facer de todos/as.

ESQUEMA DO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO NA AULA



AVALIACIÓN

O propio proceso do proxecto fai que haxa unha avaliación continua que permite a retroalimentación continua porque aparecen novos coñecemento e polo tanto novas propostas que amosan que o proxecto está “vivo e aberto”. O máis importante será establecer os momentos para concretar **QUE, COMO , QUEN e CANDO** avaliar por iso será imprescindible a coordinación e o intercambio de información coas persoas implicadas (outros mestres, outras aulas que o traballen) para avaliar tanto a marcha do proxecto como a nosa propia actuación.

ESTRUCTURA

A estrutura é moi básica, trátase de elaborar un panel dividido en catro partes. Comezamos poñendo nun panel un anaco longo de papel continuo, en branco, que se vai enchendo a medida que vaiamos realizando os pasos. Así ao rematar o noso proxecto, temos diante o proceso que fomos seguindo con cada un dos pasos que dimos para conseguir aquilo que queríamos.

- **QUE SABEMOS?**
- **QUE QUEREMOS SABER?**
- **ONDE BUSCAMOS?**
- **QUE APRENDEMOS?**

Partiremos do que xa saben, decidiremos en asemblea que queremos saber e como e onde atopar as respostas e finalmente elaboraremos unha síntese co que aprendamos a través do caderno do proxecto. Todo dun xeito moi gráfico, lúdico e facilmente identificable, xa que aínda non saben ler nin escribir.

PLANIFICACIÓN DA XORNADA ESCOLAR

MAÑÁ	
MOMENTOS	ACTIVIDADES
1º momento ENTRADA	Saúdo colectivo, sacamos prendas de abrigo, poñemos o mandilón e, pouco a pouco, irémonos sentando no recuncho da asemblea
2º momento ASAMBLEA DIARIA	Realizaremos as <u>rutinas diarias</u> do comezo da xornada: observar as ausencias (colocando a foto do compañeiro/a correspondente no debuxo da casa) e presencias (colocando as fotos correspondentes no debuxo do cole), lembrar o día da semana no que estamos (sinalándoo no mural dos días da semana, e riscando o día anterior no calendario) e observación do tempo (colocando o símbolo pertinente no día da semana). Cada semana realizará estas tarefas de rexistro un neno ou unha nena. A continuación, na asemblea planificamos o día, decidimos o que imos facer, falamos do que fixemos o día anterior... é un momento para a motivación, a información e a expresión oral (poesías, trabalinguas,...) sempre moi atentos á escoita e á quenda de palabra
3º momento TRABALLO INDIVIDUAL	Actividades individuais de lectoescritura e /ou lóxica-matemática
4º momento MERENDA	Recollemos o material unha vez terminadas as actividades, lavamos as mans e collemos o almorzo. Ímonos poñendo as prendas de abrigo e /ou as gorras e colocámonos en fila
5º momento	RECREO
6º momento VOLTA Á AULA E RELAXACIÓN	Volta á aula e relaxación. Quitamos as prendas de abrigo, lavamos as mans e irémonos sentando no noso sitio para relaxarnos con algunha música de fondo
7º momento ACTIVIDADES COLECTIVAS OU INDIVIDUAIS	A continuación realizaremos de xeito individual ou grupal, actividades globalizadas
8º momento RECUNCHOS	Cada grupo irá ao recuncho da aula que lle corresponde ese día

9º momento SAÍDA	Recollemos, ordenamos o material e lavamos as mans. Os que van comer a casa sacan o mandilón e poñen os abrigos. Colocámonos en fila para ir, ou ben ao comedor escolar, ou para a casa.
TARDE	
MOMENTOS	ACTIVIDADES
1º momento ENTRADA	Saúdo colectivo, sacamos prendas de abrigo. Os que veñen de casa poñen o mandilón . Os usuarios de comedor lavamos as mans. A medida que vaiamos terminando estas rutinas, pouco a pouco, irémonos sentando no recuncho da asemblea, mentres escoiltamos unha música de fondo.
2º momento ASAMBLEA	Cando están relaxados, lembramos o que fixemos pola mañá e o que comemos
3º momento HORA DO CONTO	Contamos un conto. Realizaremos actividades a partir do conto.
4º momento ACTIVIDADES COLECTIVAS OU INDIVD.	Distintas actividades referidas ao proxecto de aula que se estea a traballar.
5º momento RECUNCHOS	Recunchos e actividades no ordenador da aula.
6º momento SAÍDA	Recollemos o material unha vez terminadas as actividades, sacamos os mandilóns, poñemos os abrigos, colocámonos en fila e despedímonos